4. A PESQUEIRA DO CANAL EN ALPERIZ (LALIN)

Antonio Presas

1. SITUACION

A **pesqueira do Canal** está situada no curso do rio Arnego, nun tramo comprendido entre a desembocadura do rego de Alperiz e a Ponte Nova do Porto, uns 500 metros río arriba desta última referencia.

No pasado, durante a época de funcionamento da pesqueira, o acceso realizábase dereitamente por un camiño que viña desde Parada, pasaba polo Monte Fonteiriño en dirección aos Prados de Abaixo, para baixar, de seguido, á pesqueira. Un segundo acceso aproveitaba o camiño da Ponte Vella do Porto, atravesaba a Zarra do Canal e baixaba dereito á pesqueira.

A zona na que se atopa a pesqueira está situada no curso medio do río Arnego, un curso fluvial de 59 Km de lonxitude, de importantes recursos recursos pesqueiros no pasado.

2. HISTORIA

A pesqueira da Zarra do Canal pertencía á Casa de Val, unha edificación levantada ao Norte da igrexa de Parada, a comezos do século XVIII, polo "Indiano". Don Matías (alias "O Indiano"), fora un relixioso inquisidor xeral en América (As Indias) quen,

segundo a tradición oral, trouxera unha gran fortuna (tesouros) do Novo Continente, fortuna que non só escondeu en lugares ocultos na zona, senón que, tamén, adicou unha parte dela á construción do pazo de Val, á edificación nova igrexa de Parada (construída en 1750) e á posta en funcionamento da pesqueira do Canal (nome que lle pasaría logo á zarra na que se atopaba).

As pesqueiras eran arquitecturas vernáculas construídas para a captura de especies de río, migratorias ou non, que estiveron tradicionalmente controladas polo poder eclesiástico (mosteiros, cabildo compostelán) e polos señoríos, que precisaban unha importante fonte de alimentos alternativa ao consumo de carnes, especialmente durante a Cuaresma.

A nivel galego

3. DESCRICION

A pesqueira do Canal foi construída, posiblemente, na primeira metade do século XIX para subministrar troitas e anguías á Casa de Val (Parada). O modelo de construción, en conxunto, parécese máis ás presas dos muíños de río que as vellas pesqueiras que se construíron, desde a Idade Media, noutros ríos galegos como é o caso dos *pescos* do Miño, das *pesqueiras* ou l*ampreeiras* do Ulla, das "*pesqueiras dunha perna*" no Tambre e dos *caneiros* do Miño na provincia de Lugo. En todo caso sempre hai que ter en conta a diferencia de altura da tosta dunha pesqueira respecto da tosta dun muíño que, neste caso, é moito maior.

Nesta pesqueira diferenciamos tres partes: (a) a tosta, (b) o encoro ou presa e (c) a canle de desviación.

a- A **tosta** é unha parede ou muro de pedra que atravesa o río en perpendicular e apoiase solidamente no leito fluvial. Pode estar construída con pedras "tipo lousa" acuñadas ou con bloques de granito (cantería) colocados en armazón para que as fortes correntes, orixinadas a causa das enchentas, non as movan do sitio no que se atopan. A lonxitude tosta era duns 15 metros, a altura entre 1 e 1,5 metros e tiña unha dobre finalidade: servir de barreira para que as troitas, anguías e outros peixes non se puideran desprazar libremente polo río e se viran obrigados a pasar por unha canle lateral na que se colocaban as trampas.

Entre os bloques de pedra empregados para construír a tosta introducíanse outras pedras de menor tamaño e "torróns" para evitar as fugas e facer que a auga se desviara pola canle habilitada na ribeira e, no caso de ser moita, obrigándoa a saltar por encima dela (da tosta).

b- O **encoro** ou **presa** é a cantidade de auga almacenada no río a causa dun obstáculo que dificulta o seu libre tránsito. As presas das pesqueiras, debido a súa escasa profundidade, favorecían as condicións biolóxicas do medio acuático facendo que neles houbera unha maior cantidade de especies piscícolas ("*as pesqueiras eran un auténtico viveiro de troitas. Víanse troitas por todas partes*")

c- A canle de desviación, construída artificialmente na ribeira cóncava, funcionaba como un desaugue directo do pequeno encoro. A boca da canle entroncaba nun lateral da tosta aberto no sitio onde a circulación da auga tiña maior velocidade e terminaba varios metros máis abaixo reintegrando a auga ao río. O lugar de saída da canle estaba preparado cunhas pedras labradas nas que se colocaban os aparellos de pesca tipo rede ou cesto, amarrados a dous soportes laterais. Posiblemente a arte de pesca empregada nesta pesqueira fora o "canizo".

As capturas efectuábanse, normalmente, durante a noite e os pescadores debían estar a pé de río, porque era preciso baleirar os aparellos cando había troitas ou anguías atrapadas.

4. BIBLIOGRAFÍA

Non hai referencias bibliográficas, nin desta pesqueira, nin das outras que se atopan nos ríos da Comarca de Deza.

FIGURAS



4.1- Localización cartográfica da pesqueira da Casa de Val (Parada) no río Arnego (MAPA BASE: Cartografía de Xunta de Galicia)

4.2-Camiños que daban acceso á pesqueira vistos na fotografía aérea de 1956 (voo americano)



4.3- Esquema da pesqueira da Casa de Val, indicando as partes de que consta

4.4- Vista da pesqueira desde o lado esquerdo do río (concello de Lalín)

4.5- Pedras da tosta colocadas en forma de cuña (chapacuña) para darlles maior seguridade.

4.6- Canle de desviación que da saída directa á represa, pola marxe esquerda do río.

4.7- Saída da canle de desviación, lugar no que se colocaban os aparellos de pesca

4.8- Restos do vello camiño que daba acceso á pesqueira.